

LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Jiménez, Maruxa
Armesto Quiroga, José Ignacio
Bendoiro Mato, Adolfo
Fenollera Bolívar, María Inmaculada
Gómez Reboiro, José Luis
González Cespón, José Luis
López-Valeiras Sampedro, Ernesto
Mahou Lago, Xosé María
Montero Reguera, José Francisco
Moure Rodríguez, María José
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Vázquez Domínguez, María Isabel
Villar Lemos, María Ángeles

DESCULPA ASISTENCIA

Lantarón Caeiro, Eva María

Acta da sesión ordinaria da Comisión de estudos propios da Universidade de Vigo do día 7 de outubro de dous mil vinte e un, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria, e ás 10:05 h en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 da Escola Aberta de Formación Permanente no Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **7 de outubro de 2021** ás 10:05 h deu comezo a xuntanza da Comisión de Estudos Propios, presidida pola Sra. Directora da Escola Aberta de Formación Permanente, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2021.

Punto segundo: Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada o 23 de setembro de 2021.

Punto terceiro: Informe da Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Punto cuarto: Aprobación, se procede, da rúbrica para solicitudes de novos grupos de innovación docente.

Punto quinto: Aprobación, se procede, da proposta de título de “Especialista en ciberseguridade industrial”.

Punto sexto: Aprobación, se procede, da proposta de diploma de curso avanzado de posgrao “Eficiencia enerxética en rehabilitación de edificios”.

Punto sétimo: Rogos e preguntas.

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2021.

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2021.

Punto segundo: Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada o 23 de setembro de 2021.

Apróbase por asentimento a acta da sesión extraordinaria celebrada o 23 de setembro de 2021.

Punto terceiro: Informe da Directora de la Escola Aberta de Formación Permanente.

Intervén a Directora da Escola Aberta de Formación Permanente para informar, en primeiro lugar, da aprobación no Consello de Goberno celebrado o 1 de outubro de 2021 do regulamento dos pagos por docencia e coordinación nos títulos propios da Universidade de Vigo. Dito documento xa está accesible na páxina web da Escola (sección “Normativa”).

A Directora informa a continuación sobre o Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade. No seu Artigo 37 trátase “A Formación Permanente”. A Directora expón os puntos máis importantes deste artigo.

Punto cuarto: Aprobación, se procede, da rúbrica para solicitudes de novos grupos de innovación docente.

A Directora informa da proposta de rúbrica que xa foi enviada en setembro aos membros da comisión. Sobre dita proposta, fixéronse pequenas modificacións atendendo a algunhas respostas recibidas e aproveitouse para incluír nas métricas da rúbrica a relación das propostas de novos grupos cos obxectivos dos ODS.

Apróbase a proposta, por asentimento.

Esta rúbrica se publicará proximamente na páxina web da Escola Aberta. Vaise tamén preparar unha proposta de rúbrica para o procedemento de renovación dos grupos de innovación docente xa existentes, que se enviará aos membros da comisión e se presentará a aprobación, se procede, nunha próxima sesión da comisión.

Punto quinto: Aprobación, se procede, da proposta de título de especialista en “Ciberseguridade industrial”.

A Directora informa da proposta de título de especialista en “ciberseguridade industrial”. Ao ser a primeira proposta deste tipo conforme a nova normativa, a Directora explica con detalle as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta, por asentimento

Punto sexto: Aprobación, se procede, da proposta de diploma de curso avanzado de posgrao “Eficiencia enerxética en rehabilitación de edificios”.

A Directora informa da proposta de diploma de curso avanzado de posgrao “Eficiencia enerxética en rehabilitación de edificios”. Ao ser a primeira proposta deste tipo conforme a nova normativa, a Directora explica con detalle as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta, por asentimento

Punto sétimo: Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 h do día 7 de outubro de 2021, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da Presidenta da Comisión de Estudos Propios.

A presidenta da Comisión de Estudos
Propios

O secretario da Comisión de Estudos
Propios

María José Moure Rodríguez

José Ignacio Armesto Quiroga